

Recordatorio de deberes legais dirixido ao Concello de Culleredo para que impulse o procedemento establecido no artigo 22 da Lei 3/2007, e normativa concordante, para finalizar os expedientes.

Expediente: F.11.Q/6748/21

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2021

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D. XXX referente á inactividade do Concello de Culleredo para a execución subsidiaria da limpeza de varias fincas á carón da súa, e a exposición a risco de incendios polo estado de abandono da biomasa vexetal nesas parcelas.

ANTECEDENTES

Ante iso requirimos varios informes a esa Administración municipal, que foron remitidos polo Concello de Culleredo. Como consideración previa, é preciso indicar que iniciamos actuacións ante ese concello o 11 de xuño de 2021. O 6 de setembro o concello achegou un informe erróneo, referido a outro asunto e outro interesado. Requirímoslle o envío da información correcta o 10 de febreiro de 2022, xa que o concello aínda non se decatara dese erro. Novamente, o 22 de marzo requirimos ao concello que nos remitira o informe, que foi rexistrado na data do 30 de marzo de 2022.

O 4 de novembro de 2022 solicitamos un informe complementario actualizado, dado o período de tempo desde o inicio da actividade de supervisión por parte desta institución. Ese informe complementario tivo que ser novamente requirido ao concello o 18 de abril de 2023 sen que nese período houbera ningunha comunicación dos motivos do retraso por parte desa Administración municipal, aínda que tivemos que remitir á Fiscalía Provincial da Coruña información sobre os trámites realizados e as respostas recibidas desde o concello no marco dunhas dilixencias previas de investigación penal.

Finalmente, na data do 22 de xuño foi rexistrado nesta institución o informe complementario no que a técnica que o subscribe confirma novamente, como xa o fixera no informe rexistrado o 30 de marzo de 2022, que consta no servizo de Medio Ambiente, Servizos e Obras unha queixa presentada polo interesado na data do 7/06/2018, fai cinco anos, no que solicitaba a limpeza de varias fincas lindeiras coa súa propiedade no lugar de Lamelas, parroquia de Veiga.

As parcelas denunciadas correspóndense coas referencias catastrais XXX, das que dúas delas (XXX,) xa contaban cun expediente en tramitación nese momento (UME/2018/49).

Reitera o informe que dende o servizo realizáronse as inspeccións e trámites oportunos para notificar aos propietarios a súa obriga de xestionar a biomasa vexetal no ámbito das redes secundarias de faixas de xestión de biomasa vexetal (UME/2018/333).

Nese primeiro informe rexistrado o 30 de marzo de 2022, o concello manifesta que os titulares das parcelas XXX, recibiron a notificación en abril de 2019 na que se lles comunicaba o incumprimento da normativa e a obriga de xestionar a biomasa e, de ser o caso, a retirada das especies arbóreas prohibidas incluídas na disposición adicional terceira da lei 3/2007 nesa mesma franxa de 50 metros á vivenda.

No caso das parcelas XXX non sendo posible a identificación dos titulares procedeuse a publicación nos correspondentes boletíns oficiais en marzo de 2020 (BOE e DOG).

Nese primeiro informe da Administración municipal salientase a dificultade coa que a administración se atopa para localizar aos titulares e responsables dos traballos de xestión de biomasa destes terreos, o que, segundo o concello, resulta ser un importante obstáculo que impide unha tramitación áxil, ao que hai que sumarlle as dificultades do ano 2020 para realizar as notificacións e inspeccións por mor da pandemia do covid.

O informe remitido a esta institución indica literalmente: *“Advírtese do escaso tempo que se dispuxo para o estudo da documentación e elaboración do informe, polo que o seu exame cinguese ós aspectos mais básicos e elementais”*.

Na información complementario que o concello achegou na data do 22 de xuño de 2023, indícase que en data do 13/05/2022, a requirimento do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Servizos e Obras, realizase unha inspección no lugar de Lamelas a fin de comprobar as denuncias presentadas e reiteradas por parte de varios veciños que xa en anos anteriores foran xestionadas neste servizo.

Na citada inspección comprobouse o incumprimento da normativa de referencia por falta de xestión da biomasa vexetal no terreos con referencias catastrais XXX. Os terreos con referencia catastral XXX atópanse incluídos no expediente en tramitación UME/2021/781.4 Debemos lembrar que o propio concello informara de que os terreos con referencia catastral XXX xa contaban cun expediente en tramitación desde o ano 2018 (UME/2018/49).

Tendo en conta a persistencia do incumprimento, o 1/06/2022, por orde do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Obras e Servizos incoase un novo expediente (UME/2022/340) sobre a orde de execución para o restablecemento das condicións de seguridade e salubridade, de acordo co deber de conservación establecido no artigo 135 da Lei 2/2016 de 10 de febreiro, do solo de Galicia, e en relación coas previsións dos artigos 7, 21 e 22 da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, así como no disposto no Capítulo II (artigos 5 e seguintes) da Ordenanza municipal reguladora da Xestión da Biomasa (BOP nº188 de 2 de outubro de 2014) respecto dos terreos con referencia catastral XXX situados no Lugar de Lamelas (Veiga).

No citado expediente realizáronse as comunicacións de xestión da biomasa ós titulares dos terreos con referencias XXX; no caso dos terreos con referencia catastral XXX publícanse os correspondentes anuncios no DOG e no BOE por ser de titular descoñecido.

Os titulares dos terreos XXX en data 2/8/2022 solicitaron prórroga para poder executar os traballos que xa iniciaron e estimaban rematar no mes de setembro.

En data 14/10/2022 o servizo de emerxencias realiza visita de inspección en relación ao estado dos terreos XXX deixando constancia de que non cumpren a normativa pero que xa deron comezo os traballos de tala e limpeza na parcela XXX.

En data 9/11/2022 dende o servizo de Medio Ambiente solicítase á Policía Local do Concello de Culleredo que se realicen as tarefas de investigación necesarias, ao obxecto de intentar identificar á persoa responsable da xestión da biomasa da parcela coa referencia catastral XXX que consta como titular descoñecido. Segundo consta na dilixencia policial "Que de las averiguaciones realizadas por los agentes 094016-094031 se pudo saber que la parcela con referencia catastral XXX, situada en el lugar de Lamelas, presenta varios herederos, alguno de ellos fuera del país. Que como heredero y responsable se identifica a XXX con DNI XXX, con domicilio en el lugar de XXX". En consecuencia, a persoa responsable quedou plenamente identificada e localizada.

En data 14/12/2022 o servizo de emerxencias realiza visita de inspección en relación ao estado dos terreos XXX deixando constancia de que non cumpre a normativa pero que xa deron comezo os traballos de tala e limpeza.

En data 24/01/2023 comunicáselle a D. XXX o seguinte : "Que o terreo con referencia catastral XXX, incumpe a normativa de referencia por falta de xestión da biomasa vexetal nunha franxa de 50 metros (limpeza, e tala no caso de contar nesta franxa con especies da disposición adicional 3ª) arredor das vivendas consonte o establecido na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, así como os deberes

de conservación dos titulares dos terreos segundo o establecido na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia. (...)"

O informe remata indicando que actualmente o expediente aínda non está finalizado ata a comprobación final para verificar a correcta execución dos traballos ordenados.

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa e do que se manifesta nos informes da Administración, é preciso facer as seguintes consideracións:

1. Resulta evidente na tramitación desta queixa o incumprimento por parte do Concello de Culleredo dos prazos legais establecidos na normativa de aplicación para garantir o obxectivo da lexislación forestal e do solo sobre a limpeza das parcelas e a xestión da biomasa vexetal nas redes de faixas secundarias, obriga específica das administracións locais.

A lentitude no impulso ao procedemento detéctase desde o primeiro momento xa que a denuncia da persoa que promoveu este expediente rexistrouse no concello o 7 de xuño de 2018. A primeira actuación do concello respecto dos titulares das parcelas XXX foi a notificación realizada en abril de 2019, na que se lles comunicaba o incumprimento da normativa e a obriga de xestionar a biomasa e, de ser o caso, a retirada das especies arbóreas prohibidas incluídas na disposición adicional terceira da lei 3/2007 nesa mesma franxa de 50 metros á vivenda. As parcelas XXX xa contaban cun expediente en tramitación do ano 2018 (UME/2018/49) pero a notificación a través do BOE e do DOG non se realizou ata marzo de 2022.

A lei 3/2007 establece imperativamente que as obrigas de xestión da biomasa deberán estar exexutadas antes do final do mes de maio de cada ano. No suposto de incumprimento desta obriga, a administración pública competente, de oficio ou por solicitude de persoa interesada, enviará á persoa responsable unha comunicación na que se lle recordará a súa obriga de xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas prohibidas e no artigo 22.2 que concederá para facelo un prazo máximo de quince días naturais, ou de tres meses no caso das franxas laterais das vías de comunicación, contado desde a recepción da comunicación. Esta incluírá a advertencia de que, en caso de persistencia no incumprimento transcorrido o devandito prazo, se poderá proceder á execución subsidiaria con repercusión dos custos de xestión da biomasa e, de ser o caso, comiso das especies arbóreas prohibidas retiradas pola Administración, nas condicións establecidas neste precepto, sen prexuízo da instrución do procedemento sancionador que corresponda.

Nada de isto foi feito polo concello. O 13 de maio de 2022 realízase unha inspección na que se comproba o incumprimento da normativa en catro das parcelas catastrais, novamente vulnerando todos os prazos legais para executar a roza e limpeza das fincas. Na data do 1 de xuño de 2022, catro anos despois da denuncia da persoa afectada, o concello abre un novo expediente sobre orde de execución.

Sobre a situación da parcela catastral XXX, realizouse a notificación no BOE e no DOG en marzo de 2022. Na data do 2/8/2022 os titulares solicitaron prórroga para poder executar os traballos que xa iniciaran e estimaban rematar no mes de setembro. En data 14/10/2022 o servizo de emerxencias realiza visita de inspección en relación ao estado dos terreos deixando constancia de que non cumpren a normativa pero que xa deran comezo os traballos de tala e limpeza nesa parcela XXX. En data 14/12/2022 o servizo de emerxencias realiza visita de inspección en relación ao estado dos terreos XXX e volve a deixar constancia de que non cumpre a normativa pero que deron comezo os traballos de tala e limpeza. Catro meses despois de solicitar a prórroga, aínda non remataran a limpeza da finca. Nada fai o concello agás constatar este feito.

2. Compróbase tamén unha incorrecta aplicación do procedemento de notificación establecido na lei respecto do titular ou responsable da xestión da biomasa da parcela coa referencia catastral XXX que constaba como titular descoñecido. O informe manifesta que foi notificado no BOE e no DOG en marzo de 2022. Sen embargo, esta notificación no produciu os efectos establecidos no artigo 22.3 da Lei 3/2007: *“Cando non se poida determinar a identidade da persoa responsable da xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas prohibidas ou resulte infrutuosa a notificación da comunicación á que se refire o número anterior, esta efectuarase mediante un anuncio no Boletín Oficial del Estado e no Diario Oficial de Galicia, no que se incluírán os datos catastrais da parcela. Nestes supostos o prazo para o cumprimento computarase desde a publicación do anuncio no Boletín Oficial del Estado.*

Transcorridos os prazos sinalados neste artigo sen que a persoa responsable xestione a biomasa ou retire as especies arbóreas prohibidas, a administración pública competente poderá proceder á execución subsidiaria, atendendo ás necesidades de defensa contra os incendios forestais, especialmente respecto da seguridade nas zonas de interface urbano-forestal, consonte o establecido no artigo 44 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, ou norma que a substitúa, sen prexuízo da repercusión dos custos da xestión de biomasa á persoa responsable”.

Neste caso, a notificación publicouse nos diarios oficiais pero non se procedeu á execución subsidiaria senón que oficiouse á Policía Local en data 9/11/2022 para que realizase as tarefas de investigación necesarias, ao obxecto de intentar identificar á persoa responsable

da xestión da biomasa da parcela. Como consecuencia destas investigacións, a persoa responsable quedou plenamente identificada e localizada, sendo veciño do propio Concello de Culleredo. A comunicación sobre o incumprimento das obrigas, que xa se realizara mediante publicación no BOE e no DOG en marzo de 2022, reitéraselle ao responsable en data do 24/01/2023. Non constan as consecuencias desta nova comunicación.

No informe rexistrado o 22 de xuño, o Concello de Culleredo conclúe que *actualmente o expediente aínda non está finalizado ata a comprobación final para verificar a correcta execución dos traballos ordenados.*

CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello de Culleredo o seguinte ***recordatorio de deberes legais:***

Dado o incumprimento polas persoas responsables das obrigas de xestión da biomasa e a retirada de especies prohibidas, tendo transcorrido cinco anos desde a denuncia pola falta de limpeza das referidas parcelas sen que conste a realización dos traballos –agás o comezo das tarefas nunha das fincas sen que se informe do remate da limpeza–, o Concello de Culleredo debe avaliar a procedencia dunha actuación prioritaria e urxente e impulsar o procedemento establecido no artigo 22 da Lei 3/2007, e normativa concordante, para finalizar os expedientes, incluíndo, no seu caso, a execución subsidiaria nas parcelas catastrais obxecto deste expediente polos prexuízos ocasionados ao propietario derivados do prolongado incumprimento das obrigas impostas pola lei.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolles saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con



especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo